

A industria editorial: proceso de hibridación e perspectivas
Consello da Cultura Galega, Santiago 20 de xuño de 2017
Intervención de Manuel Bragado

0. Gratidade

Solicítanme os organizadores que faga un exercicio de prospectiva sobre o proceso de hibridación e as perspectivas da industria editorial galega en 2025. Non é unha tarefa doada, cando os editores chamamos futuro o que estimamos pretendemos facer a volta de apenas dous ou tres anos no nosos plans editoriais. A case unha década só podemos enxergar medos e incertezas.

1. Lembrando o proxecto *Galicia 2010*

Xaora, non podo esquecer que foi neste espazo do Consello da Cultura onde hai dezaioito anos desenvolvemos bastantes da reunións do grupo de lingua e cultura, coordinado por Carlos Casares, de *Galicia 2010*, un fermoso proxecto de prospectiva sobre a Galicia das décadas de entre milenios. Financiado polas caixas de aforros e o Banco Pastor, descansen en paz.

Aquel espírito estratéxico perdeuse no país, como tantas outros valores, sendo moi de agradecer que o Consello da Cultura Galega convoque aos profesionais da nosa industria cultural para obrigarnos a repensar o presente en clave de futuro dos nosos sectores, da nosa cultura e da nosa nación.

Inevitablemente, acudín con curiosidade a reler o documento que preparara sobre “Libro e edición” naquel *Galicia 2010*, un texto que lembro utilizamos, anos despois, como material de base para confeccionar os primeiros borradores da Lei do Libro e da Lectura de Galicia que sería aprobada por unanimidade a finais de 2006. Outro dos consensos forxados naquela década de entusiasmo, previa a debacle da crise, que comezaría para o noso sector en 2009.

Comezaba aquel documento lembrando o carácter militante dos editores galegos, que en 1975 publicaron 68 títulos, que se comparaban coas 1.231 referencias de ISBN en galego de 1998, o que cualificabamos de chimpo de xigante. Cifra, a de hai dezanove anos, moi próxima aos 1.211 de 2016, último do que temos datos avanzados na web do Ministerio de Cultura.

Dábase conta dunha facturación de 2.233 millóns de pesetas, na moeda actual, 13,5 millóns de euros, e do funcionamento de vinte e catro editoras que ocupaban a 322 persoas.

O informe estendíase en recoller outros datos referidos á tipoloxía de edición, na que se salientaba “a forte dependencia do sector do libro de texto do ensino universitario, que supón o 35,50% dos exemplares e o 30,40 % da facturación anual”, mentres que a edición literaria apenas supón o 12,80 % da produción e o 18,00 % da facturación anual”. Datos, como logo comprobaremos, que pouco difiren dos da actual década.

O informe abordaba despois as carencias do sector (fragmentación do sector, escaso recoñecemento, institucional, ausencia de promoción nos medios de comunicación, deficiencias na dotación bibliotecaria e libreira...), para, a seguir, propoñer dez actuacións estratéxicas para o sector da edición e do libro.

Un modelo que pretendo seguir nesta intervención e abordo sen máis demora.

Prego desculpas xa que utilizarei algunhas cifras coa intención de que vos fagades cargo da situación.

2. Un sector hibridado, en mudanza

Estou convencido que o sector editorial galego, como o conxunto da edición internacional, vive arestora un proceso de hibridación tanto da creación, do soporte, como das súas formas de distribución dos seus contidos. Factores de incerteza, aos que no caso específico galego, se lle engaden a devaluación económica que estamos sufrindo dende 2008, como o devalo demográfico e a práctica desaparición das políticas de fomento da lingua galega, sobre todo no eido educativo, que axudaron de forma decisiva ao desenvolvemento do sector ao longo do período autonómico.

3. Un sector que retrocedeu

O sector editorial en galego, segundo os datos da serie estatística do ISBN, multiplicou por catorce a súa produción nas últimas tres décadas, xa que no ano 1980 publicaba 187 títulos e no ano 2010 acadou os 2.544 títulos, o seu máximo histórico.

Durante este período foi un sector punxente, capaz de desenvolver un amplo e diversificado catálogo de quince mil referencias, que como xa

adiantamos no ano 2016 publicou 1.211 títulos, reducindo no último lustro a súa edición en galego en máis do cincuenta por cento, retrocedendo ás cifras de finais do milenio, e de contribuír a desenvolver un tecido produtivo ao redor da edición en Galicia.

Un sector que, segundo os datos do estudo de *Comercio Interior del Libro de 2015*, facturou **26,61** millóns de euros, dos cales **22,21**, corresponderon a lingua galega, por parte de corenta empresas, mantendo nese ano cerca de 200 empregos directos, ademais dos inducidos nos sectores das Artes Gráficas, libraría e distribución. Un sector que perdeu, polo tanto, na última década, un terzo do emprego.

Abonda que reparemos nas cifras do **Cadro 1. Producción e Facturación da edición galega de 2003 a 2015**, para que comprobemos a magnitude do retroceso.

Tomando como referencia 2007, ano histórico na facturación do sector, os títulos editados en galego polos editores galegos na actualidade (2015), 1.103 son inferiores aos de 2003, e os exemplares impresos supuxeron un descenso do 31,36 %.

Retroceso que, por ventura, foi menor na facturación do libro editado en Galicia, reducida no 16,56 %, inferior ao do conxunto do sector en España (27,73 %), o que permite ao libro en galego resistir e mesmo neste período gañar dous puntos de cota de mercado interior.

Cadro 2. Libro editado en galego por tipoloxía temática

Unha redución do volume de edición, tanto a nivel de títulos, como de exemplares, e polo tanto de tirada media, que acentou a dependencia do sector da edición e da distribución paraescolar, a de libro de texto e literatura infantil, que supoñen en 2015 o 76,10% dos exemplares e o 78,60% da facturación, a máis elevada da historia. Mentres que a edición literaria diminúe o seu volume, tanto en títulos como exemplares.

Un fenómeno acentuado ao longo da década da crise, semellante ao que sucede tamén en Cataluña e País Basco, onde a edición se concentra nos libros de Literatura, Texto e Literatura Infantil e Xuvenil, sendo en catalán o 83,9 % dos títulos, en éuscaro o 97,6 % e en galego o 85,7 %. Cifras todas elas que testemuñan que no entorno da crise non se modificou a forte dependencia do libro editado en galego con respecto ao mercado escolar e paraescolar.

Cadro 3. Edición en lingua galega por formato

Dende o comezo da década actual acelerouse na edición en galego o proceso de dixitalización, que supuxo como media unha oferta arredor do 20 % dos títulos, nos seus diversos formatos, CD-ROM, PDF e epub. Mentres descendeu nun 58,34 % os títulos impresos, os dixitais aumentaron nun 94,95 %, o que supón que a pesar de o sector reduce a súa oferta case á metade, fíxoo hibridándoa, tendencia semellante a do sector español e internacional.

Con todo son moi significativos os datos máis recentes, os de 2014 e 2015, que levan a porcentaxes de hibridación dixital superiores ao 30 %, na liña do conxunto da edición española; sendo, tamén, os ebooks ou libros dixitais o 93,70 % destes soportes.

Cadro 4. Edición en Galicia en edición en galego

Convén reparar, tamén, no carácter plurilingüe da edición en Galicia, onde ao longo desta década de retroceso a participación da edición en galego oscilou entre porcentaxes do 50 ao 60 %, aínda que a tendencia sexa máis achegada ao incremento.

Cadro 5. Axudas públicas á edición en galego

Como tamén outra circunstancia a ter en conta é a diminución das axudas públicas da Xunta de Galicia directas á edición en galego, compra de novidades editoriais, axudas a edición de materiais didácticos e subvencións á tradución, que pasaron de supoñer en 2007 o 11,61 % sobre a facturación do sector ao 2,29 % en 2015. O mito do editorial como un sector hipersubvencionado pola Xunta vaise a pique.

Xaora, outras políticas públicas tamén teñen influído no devalar do sector, singularmente a aprobación do Decreto 79/2009 de Plurilingüismo, que supuxo unha drástica redución das posibilidades de facturación para o sector educativo, na área de matemáticas nas ensinanzas obrigatorias como na Educación Infantil, así como a extensión, dende 2013, da duración da vixencia dos libros a seis anos, ou a implantación en 2011 do modelo de gratuidade solidaria.

Non embargante, as dificultades do mercado interior, víronse parcialmente mitigadas polo desenvolvemento dun interesante mercado exterior para a edición infantil galega, o que abre un esperanzador camiño para o conxunto do sector.

Por último, non podemos deixar de abordar a cuestión dos **índices de lectura**.

O Observatorio da Cultura Galega estimou nun informe de 2014 como público lector en Galicia a 1.079.25 persoas, aquelas que leron algún libro, apenas un 41 % das maiores de 7 anos.

Ou o que é o mesmo, máis da metade dos galegos non len nunca un libro, unha cifra moi baixa, preocupante, que sitúa a Galicia, a pesar dalgúns avances no consumo de libros, á cola dos índices de lectura dos países e comunidades do noso entorno.

Deste millón de persoas lectoras en Galicia o 58,3 % (máis de 600.000) son mulleres, entre as que o 42,2 % (265.612) len máis de seis libros ao ano, lectoras habituais. Outrosí sucede coas persoas usuarias das bibliotecas públicas en Galicia, nas que tamén son maioría as mulleres, sendo un 35 % delas (220.119), usuarias frecuentes destes servizos públicos de lectura.

Cifras nas que volvemos identificar a forza das lectoras en Galicia representada por ese case cuarto de millón de mulleres galegas que integraron a lectura como a súa primeira actividade de lecer e cultura.

Un colectivo de lectoras moi amplo e diverso, probablemente maior no país noso co número de socios de clubs de fútbol profesional, aínda que pouco representado na axenda pública utilizada polas administracións e medios de comunicación.

En resumo: o sector editorial galego vive na actualidade a crise máis fonda da súa historia, sometido ás incertezas e mudanzas da hibridación dixital e da súa incorporación no sector internacional das industrias do lecer, no marco dun novo comportamento do lectorado no acceso aos contidos culturais, ao tempo que sofre á intemperie as regulacións das administracións no eido da Educación e das Políticas Lingüísticas, como os efectos do reducido número de lectoras, do devalo demográfico e da atmosfera de agotamento das doses de entusiasmo da contorna galeguista, tradicionalmente o seu primeiro público.

4. A aposta polo futuro

O sector editorial en lingua volve enfrontarse, como fixera hai dúas décadas, cando se redactou aquel proxecto *Galicia 2010*, aos retos que supón asumir a hibridación e mundialización do sector como unha

oportunidade, como o de consolidarse como un dos principais alicerces para a supervivencia da lingua, literatura e cultura galegas. Retos que o obrigan a ollar tanto cara ao reducido mercado interior como a proxectarse sobre o exterior.

Resumo o que entendo poden ser dez liñas principais para o sector do libro e da edición na fronteira da terceira década do século, na que continuará a hibridación e, polo tanto, a coexistencia de libros impresos e dixitais:

Primeira: Visibilidade do libro e da lectura

Declarar a revolución lectora en Galicia, coa intención de incrementar os índices de lectura en todos os segmentos de idade.

Concibir a lectura de textos e hipertextos sobre soportes impresos ou pantallas como unha competencia de cidadáns de todas as idades.

Dotar de atención preferente á lectura no sistema educativo, privilexiando a Biblioteca Escolar como a aula principal de todos os centros educativos, e ao público xuvenil como protagonista desta revolución.

Asumir a existencia de públicos diversos para os produtos editoriais galegos: infantís e xuvenís, edición literaria, produtos de lectura de lecer, edición técnica especializada, agasallo...

Valorar como unha oportunidade que, como salientan os máis recentes estudos sociolingüísticos, hai lectoras galegas frecuentes non instaladas na galega como a súa lingua habitual.

Fomentar o uso das redes sociais para dar visibilidade as novidades editoriais e á comunicación directa entre autores e lectores.

Compartir actividades de visibilización das novidades entre editoras, autores, librarías e bibliotecas. Refundar o modelo de Feiras do Libro de Galicia, contando coa colaboración dos concellos.

Renovar o calendario de efemérides do libro en Galicia: 24 de febreiro, 2 de abril, 23 de abril, 17 de maio, 17 de decembro...

Fomentar a presenza de autores e autoras nos medios de comunicación públicos e da información sobre as novidades editoriais e literarias.

Segunda: Creación literaria

Potenciar a creación literaria en todos os seus xéneros, concibida como peza básica para o sector editorial, utilizando tanto os recursos dos poderes públicos como o mecenado privado, como forma de apoio directo aos escritores e escritoras (premios, bolsas de creación, estancias, intercambio...) e a súa participación no mercado literario internacional.

Terceira: Tradución e edición

Potenciar a tradución e edición en galego de todo tipo de contidos textuais non literarios, con especial atención aos referidos ao patrimonio galego e aos eidos científicos e tecnolóxicos, cuxo catálogo actual é moi reducido.

Cuarta: A empresa editorial

Transformar cada empresa editorial galega nun obradoiro de contidos textuais e hipertextuais, con atención preferente aos destinados ao eido educativo e, en xeral, a infancia e a mocidade.

Quinta: A distribución

Desenvolver un modelo de negocio sostible para a distribución no mercado interior tanto de produtos impresos, dixitais ou de edición estendida (en ambos soportes), priorizando a utilización de plataformas propias sobre as internacionais monopolísticas (Amazon, Apple, Google...).

Sexta: A librería

Considerar a librería independente como un espazo cultural e comercial que merece protección (como xa sucede en Francia), apoiando a continuidade da súa actividade por medio de exencións fiscais e de dotación de ferramentas de xestión e mercadotecnia que contribúan a súa actualización no proceso de hibridación.

Sétima: A biblioteca

Considerar a biblioteca pública como a primeira institución cultural de cada comunidade local especializada en facilitar o acceso á información e á creación literaria en condicións de igualdade para os cidadáns de todas as idades.

Asegurar que a diversidade de novidades editoriais galegas chega á rede de bibliotecas públicas.

Oitava: Impresión dixital e dixitalización de fondos impresos

Aproveitar as posibilidades proporcionadas polos sistemas de impresión dixital para manter e ampliar o catálogo do libro galego impreso, contribuíndo así con este procedemento e mesmo cun servizo de edición baixo demanda a mantemento do tecido libreiro independente.

Desenvolver un plan de dixitalización dos catálogos editoriais privados.

Novena: O libro e a literatura galega no mundo

Fomentar de forma sistemática o comercio exterior do libro galego e da creación literaria na nosa lingua, con atención especial as comunidades lusófonas.

Creación dunha Oficina de promoción da literatura e do libro galego no mundo co obxectivo de visibilizar a oferta editorial galega, organizar a presenza institucional nas feiras internacionais do libro e manter actualizada toda a información dixital sobre o libro e a literatura galega.

Apoiar o funcionamento dos centros de cultura galega existentes no mundo e coordinar a súa actividade coa da Oficina da promoción da literatura e do libro galego.

Décima: Sector estratéxico

Facer efectivo o recoñecemento do sector do libro galego como sector da industria cultural estratéxico para Galicia, como se recoñece no Preámbulo e no artigo número 2 da actual Lei do Libro.

Elaboración dun Plan Estratéxico para o desenvolvemento do libro en Galicia (2017-2021). Creación dunha liña específica de axudas da consellaría de Economía e Industria por medio do IGAPE para a renovación tecnolóxica das empresas editoriais (Art.16.2), para a formación do seu persoal e para a promoción comercial dos seus produtos (capítulo III Art. 15).

**Producción e Facturación edición galega
2003 / 2007 / 2015**

	2003	2007	2015	2003/2015	2007/2015
Títulos editados en Galicia	1.202	1.623	1.424	18,47	-12,26
Títulos editados en Galicia en galego	1.112	1.295	1.103	-0,81	-14,83
Exemplares fabricados en Galicia	2.090.000	2.970.000	1.730.000	-17,22	-41,75
Exemplares fabricados en Galicia en galego	1.770.000	2.130.000	1.462.000	-17,40	-31,36
Tirada media en Galicia	1.742	2.130	1.238	-28,93	-41,88
Tirada media en galego	1.592	1.830	1.326	-16,71	-27,54
Facturación libro editado en Galicia	19.810.000 €	31.890.000 €	26.610.000 €	34,33	-16,56
Facturación libro editado en Galicia en galego	17.970.000 €	21.984.000 €	22.210.000 €	23,59	1,03
Facturación do libro en Galicia	131.250.000 €	165.520.000 €	144.450.000 €	10,06	-12,73
Facturación libro en España	2.792.000.000 €	3.123.170.000 €	2.257.070.000 €	-19,16	-27,73
Cota de mercado en Galicia do libro en galego	13,69%	13,28%	15,37%	1,68%	2,09%

Fonte: Informes de Comercio interior del libro en España 2003, 2007 e 2015

**Libro editado en galego por tipoloxía temática
2007 / 2015**

	2007	2015	2007/2015
Literatura			
Títulos	18,40	30,80	12,40
Exemplares	13,60	17,30	3,70
Facturación	12,00	12,60	0,60
Infantil e Xuvenil			
Títulos	32,60	40,80	8,20
Exemplares	35,70	30,60	-5,10
Facturación	18,20	22,50	4,30
Libro de texto			
Títulos	38,60	23,00	-15,60
Exemplares	37,00	45,50	8,50
Facturación	49,60	56,10	6,50
Edición especializada			
Títulos	10,40	5,40	-5,00
Exemplares	13,70	6,60	-7,10
Facturación	20,20	8,80	-11,40
Total edición paraescolar			
Títulos	71,20	63,80	-7,40
Exemplares	72,70	76,10	3,40
Facturación	67,80	78,60	10,80

Fonte: Informe de Comercio interior del libro en Galicia 2017 e 2015

**Edición en lingua galega por formato
2010/ 2015**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	Media	2010/2015
Títulos en lingua galega	2.544	1.997	1.621	1.426	1.439	1.394	1.736	-45,20%
Títulos impresos en lingua galega	2.326	1.544	1.401	1.217	974	969	1.405	-58,34%
Títulos dixitais en lingua galega (CD-ROM, PDF, epub...)	218	443	220	209	465	425	331	94,95%
Porcentaxe hibridación papel	91,43%	77,31%	86,42%	85,95%	67,68%	69,52%	80,93%	
Porcentaxe hibridación dixital	8,59%	22,68%	13,58%	14,05%	32,31%	30,48%	19,07%	

Fonte: Informes de *Panorámica de la edición española de libros 2010-2015*

**Edición en Galicia e edición en galego
2010/ 2015**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	Media	2010/2015
Títulos editados en Galicia	4.754	3.006	2.335	2.268	2.604	2.266	2.872	-52,30%
Títulos editados en en lingua galega	2.544	1.997	1.621	1.426	1.439	1.394	1.736	-45,20%
Porcentaxe editados en lingua galega	53,51%	66,40%	57,90%	50,40%	55,30%	61,50%	60,44%	

Fonte: Informes de *Panorámica de la edición española de libros 2010-2015*

**Axudas públicas á edición en galego
2007/ 2010 / 2015**

	2007	2010	2015	2007/2015	2007/2015
Compra novidades bibliotecas C. Cultura	1.300.000 €	871.000 €	250.000 €	-1.050.000 €	-80,76%
Subvencións SXPL	1.050.000 €	501.617 €	170.000 €	-880.000 €	-83,80%
Subvencións á tradución C. Cultura	204.000 €	300.000 €	90.000 €	-114.000 €	-55,88%
Total axudas Xunta de Galicia	2.554.000 €	1.672.617 €	510.000 €	-2.044.000 €	-80,03%
Facturación libro editado en Galicia en galego	21.984.000 €	21.000.000 €	22.210.000 €	226.000 €	1,03%
Porcentaxe de axudas sobre facturación	11,61%	7,96%	2,29%		

Fonte: Informes de Comercio interior del libro en España 2007, 2010 e 2015 e elaboración propia